

1. CONTIDO:

ELibro é unha plataforma de ebooks académicos en español.

2. COMO ACCEDER:

Web da Biblioteca da UDC → **Recursos de información** → **Libros electrónicos** → **Libros electrónicos por editores** → **Na letra E da listaxe alfabética** → **E-Libro** →

Desde fóra da rede da UDC antes tes que picar na web da Biblioteca en **Acceso desde fóra** e autenticarche cos teus contrasinais.

Convén rexistrarse e crear unha conta na parte superior dereita. Non é necesario para buscar e acceder aos libros en liña, pero é necesario para outras funcionalidades. Utiliza o teu correo UDC.


3. COMO BUSCAR:

Hai catro tipos de buscas:



I. Busca rápida:


Escribimos as palabras clave que queremos buscar e prememos *Enter*.



Para volver á páxina de inicio prememos *Escape*.


II. Busca filtrada:

Mostra toda a listaxe de libros da Colección Cátedra. Cos filtros da columna da esquerda vaise reducindo: por tipo de documento, lingua, ano de publicación, materia, editorial, autor, tema.



III. Busca avanzada:

Mediante campos de texto e despregables para elixir os campos en que buscar: tema, palabras clave, ano de publicación,... Abaixo hai un filtro por tipo de documento e temas.



Podemos **Guardar búsqueda** e recuperala máis tarde en *Mis búsquedas*. Cando a executamos novamente actualízase.

IV. Temas

Listaxes de títulos baixo distintas temáticas. En Belas Artes temos Arquitectura, Debuxo; en Tecnoloxía, Construción de edificios, etc.

4. ACCEDER AO EBOOK

Picando nun título ou na súa cuberta, accedemos á súa información: se está dispoñible, cantas páxinas ten, cantas páxinas podo copiar e imprimir en pdf (un **40%**), información bibliográfica, táboa de contidos,...

Os libros que son MUPO teñen acceso ilimitado de usuarios (multiusuario) e son a maioría. En cambio aos **SUPO**, só pode acceder un usuario.



Á dereita dános tres opcións:

-Ler o libro **en liña**.

-**Agregar a estantería**. Para recuperalo despois en *Mi estante*. Onde podo organizalos en cartafoles.

-**Descargalo** baixo a modalidade de préstamo. Primeiro hai que descargar a aplicación eLibro ao dispositivo onde o vaíamos a ler (computador, tableta, móvil).


Despois descargamos o libro electrónico (arquivo .ipuf) e abrímoloo coa aplicación eLibro no noso dispositivo.

5. TRABALLO NO LECTOR DE DESCARGAS

Se facemos dobre *click* sobre a cuberta dun libro descargado vémolo a pantalla completa. Arriba á esquerda temos a táboa de contidos  (Introducir).

Podemos subliñar, meter notas e asignar cores. Pódese copiar o 40% pero non imprimir.


En  regresamos ao estante.



Cando transcorreron os días de préstamo o libro bloquéase e hai que eliminalo. Pero poderíase repetir a descarga. Se o descargamos no mesmo dispositivo vemos as anotacións feitas.

6. LER EN LIÑA

Ábrese o libro cun lector.



Na columna da dereita hai distintas ferramentas para:

- Facer sombreados de cor a modo de resumo.
- Agregar notas e marcadores.
- Obter a referencia bibliográfica en distintos formatos.
- Copiar (como máximo unha páxina, cada vez que se usa desconta un do corenta permitido).
- Imprimir (páxina ou rango de páxinas, só 10 páxinas de cada vez, ata un 40%).
- Diccionario, Wikipedia, Tradutor, Biografías e Youtube.

Entre as ferramentas superiores:

- Podemos obter unha ligazón estable do libro  (carga a páxina na que estás).
- Agregar o título a *Estantería* .

Accedemos a *Mi estante* desde  na esquina superior dereita. Desde él é posible compartir un cartafol con outros usuarios da plataforma ELibro.

7. SAIR

Lembra pechar a sesión na esquina superior dereita: 

8. AXUDA

<http://www.elibro.com/ayuda>

ELIBRO
Guía de uso
Xullo 2021



 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Biblioteca da Escola Universitaria de
Arquitectura Técnica